



# Museo Pazo de Tor

GUÍA ILUSTRADA

# Índice

Presentación

Museo Pazo de Tor

Planos do Museo Pazo de Tor

*Presentación*

*Museo Pazo de Tor*

*Planos del Museo Pazo de Tor*

## LÁMINAS DO INTERIOR DO PAZO

- Pazo de Tor *Pazo de Tor*
- O Pazo *El Pazo*
- Patio interior *Patio interior*
- Sala 1. Sala de armas *Sala de armas*
- Sala 2. Cuarto do bispo *Cuarto del obispo*
- Sala 3. Cuarto de invitados *Cuarto de invitados*
- Sala 4. Salón Norte *Salón Norte*
- Sala 5. Cuarto de invitados *Cuarto de invitados*
- Sala 6. Capela *Capilla*
- Sala 6. Retablo *Retablo*
- Sala 7. Despacho *Despacho*
- Sala 8. Cuarto de baño *Cuarto de baño*
- Sala 9. Salón de xogos *Salón de juegos*
- Sala 10. Cuarto da señora *Cuarto de la señora*
- Sala 11. Cuarto dos nenos *Cuarto de los niños*
- Sala 12. Salón do Mediodía  
ou Salón de Baile *Salón del Mediodía  
o Salón de Baile*
- Sala 13. Dormitorio principal *Dormitorio principal*
- Sala 14. Sala de estar *Sala de estar*
- Sala 15. Corredor *Pasillo*
- Sala 16. Cuarto do  
mapa de Fontán *Cuarto del  
mapa de Fontán*
- Sala 17. Comedor *Comedor*
- Sala 18. Galería (labirinto) *Galería (laberinto)*

## LÁMINAS DOS ANEXOS

- Corte dos cabalos *Caballerizas*
- Salas de torneos e gornicións *Salas de torneos y guarniciones*

Glosario



DEPUTACIÓN DE LUGO

Dar a coñecer os museos que integran a Rede Museística da Deputación de Lugo é unha das premisas básicas para a súa posta en valor co obxecto de que presten o mellor servizo á sociedade á que pertencen, servizo que, amais da conservación, investigación e difusión, debe dar prioridade ao acceso universal ao noso Patrimonio Cultural.

Para afondar neste coñecemento dos nosos museos son imprescindibles as guías, soportes nos que se explican os seus contidos fundamentais. Seguindo as novas estratexias de comunicación, esta que agora nos ocupa ten como obxectivo esa función didáctica pero coa particularidade de primar a información gráfica para converterse así nunha obra de fácil consulta caracterizada pola preeminencia da imaxe, tanto gráfica coma fotográfica, para que a estancia no Museo Pazo de Tor lle resulte ao visitante, en definitiva, unha experiencia entretida e moi proveitosa.

DARÍO CAMPOS CONDE

*Presidente da Deputación de Lugo*



## DEPUTACIÓN DE LUGO

Dar a conocer los museos que integran la Rede Museística de la Diputación de Lugo es una de las premisas básicas para su puesta en valor con el objeto de que presten el mejor servicio a la sociedad a la que pertenecen, servicio que, además de la conservación, investigación y difusión, debe dar prioridad al acceso universal a nuestro Patrimonio Cultural.

Para ahondar en este conocimiento de nuestros museos son imprescindibles las guías, soportes en los que se explican sus contenidos fundamentales. Siguiendo las nuevas estrategias de comunicación, esta que ahora nos ocupa tiene como objetivo esa función didáctica pero con la particularidad de primar la información gráfica para convertirse así en una obra de fácil consulta caracterizada por la preeminencia de la imagen, tanto gráfica como fotográfica, para que la estancia en el Museo Pazo de Tor le resulte al visitante, en definitiva, una experiencia entretenida y muy provechosa.

DARÍO CAMPOS CONDE

*Presidente da Deputación de Lugo*



# Presentación

Permitíndeme que exprese, como xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo, unha especial quenenza ao Museo Pazo de Tor por aquilo de ser o máis novo dos que ingresou na Rede xa que a súa creación como museo data do ano 2006. Por iso é polo que comezamos este novo tipo de guía, moito máis visual, con el (o obxectivo é facelo tamén co Museo Provincial de Lugo, co Museo Fortaleza de San Paio de Narla e co Museo Provincial do Mar), na que prima sobre todo a imaxe e caracterizada por unha información concisa pero suficiente, na que se destacan os aspectos máis relevantes das salas e das coleccións para orientar e ilustrar ao visitante dun xeito breve, evitando tediosas descrições e comentarios extensos. Ademais, trátase dunha publicación cómoda e doada de levar polo seu formato e doada de ler polo seu carácter didáctico, amena, sinxela e válida para todo tipo de públicos, fuxindo de textos excesivamente longos e na que se prima a claridade e a visualización. Ademais, o glosario que forma parte dela, axuda a non ter que recorrer a dicionarios especializados, pois nel van explicados as principais dúbidas técnicas que podan ter os lectores/as.

Quero destacar tamén que esta guía é o resultado da colaboración de dous departamentos da Rede Museística: o de Difusión e o de Comunicación, así como tamén de todo o persoal deste pazo museo.

Complemento fundamental deste equipo é a figura de Noemí López, excelente debuxante que soubo plasmar nas súas creacións, forzando ás veces as perspectivas, as diferentes estancias e obxectos do Museo Pazo de Tor, permitindo así que o espectador/ra poida ter unha visión máis ampla da que abrangue o ollo humano.

Encarna LAGO GONZÁLEZ

*Xerente da Rede Museística  
da Deputación de Lugo*



## Museo Pazo de Tor

GUÍA ILUSTRADA

1.ª edición: marzo 2018

EDITA

Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo  
Rede Museística Provincial

PRESIDENTE DEPUTACIÓN DE LUGO

Darío Campos Conde

DEPUTADA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO, DESEÑO E ARTESANÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO  
M.ª del Pilar García Porto

XERENTE REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL

M.ª Encarnación Lago González

TEXTOS

Fernando Arribas Arias  
Antonio Reigosa Carreiras

ILUSTRACIÓNS

Noemí López

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.


Depósito legal: LU 59-2018

ISBN: 978-84-8192-552-4

© dos textos: autores

© das fotografías: Fernando Arribas Arias

© das ilustracións: Noemí López



**DÁMOSCHE A  
BENVIDA  
AO PAZO DE TOR**

## Presentación

Permitidme que exprese, como gerente de la Rede Museística de la Deputación de Lugo, un especial afecto al Museo Pazo de Tor por ser el más reciente de los que ingresaron en la Rede, ya que su creación como museo data del año 2006. Por este motivo es por lo que iniciamos este nuevo tipo de guía, mucho más visual, con él (el objetivo es hacerlo también con el Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza de San Paio de Narla y Museo Provincial do Mar), en la que prima sobre todo la imagen y caracterizada por una información concisa pero suficiente, en la que se destacan los aspectos más relevantes de las salas y de las colecciones para orientar e ilustrar al visitante de una manera breve, evitando tediosas descripciones y comentarios extensos. Además, se trata de una publicación cómoda y fácil de llevar por su formato y fácil de leer por su carácter didáctico, amena, sencilla y válida para todo tipo de públicos, escapando de textos excesivamente largos y en la que se prima la claridad y la visualización. Además, el glosario que forma parte de ella ayuda a no tener que recurrir a diccionarios especializados, pues en él van explicadas las principais dudas técnicas que puedan tener los lectores/as.

Quiero destacar que esta guía es el resultado de la colaboración de dos departamentos de la Rede Museística: el de Difusión y el de Comunicación, así como también de todo el personal de este pazo museo.

Complemento fundamental de este equipo es la figura de Noemí López, excelente dibujante que supo plasmar en sus creaciones, forzando a veces las perspectivas, las diferentes estancias y objetos del Museo Pazo de Tor, permitiendo así que el/la espectador/ra pueda tener una visión más amplia de la que abarca el ojo humano.

Encarna LAGO GONZÁLEZ

*Xerente da Rede Museística  
da Deputación de Lugo*



# Museo Pazo de Tor

O Pazo de Tor está situado ao sur da provincia de Lugo, no Val de Lemos e na parroquia de San Xoán de Tor, concello de Monforte, nunha elevación que lle serve de miradoiro sobre a extensa chaira de arredor. As orixes do pazo están ligadas á liñaxe dos Garza desde o século XIV, a posesión mantívose en mans dos descendentes directos ata a derradeira propietaria, dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga, quen fixo doazón da propiedade á Deputación Provincial de Lugo en 1998. Esta institución acometeu unha serie de obras de acondicionamento e mellora do edificio, respectando escrupulosamente a súa estrutura e distribución, para a continuación adaptalo como museo e abrílo aos visitantes o 13 de xullo de 2006.

O edificio actual foi construído no último terzo do século XVIII aínda que conserva algún vestixio anterior e outras reformas posteriores como consecuencia dun incendio causado polas tropas napoleónicas. É encadrable dentro do estilo barroco, de longa persistencia en Galicia, pero xa matizado por certa estética neoclásica que se percibe na sobriedade, na simetría e no emprego das ordes clásicas.


Ademais do interese do seu aspecto arquitectónico, a visita ao pazo permite ver integramente todas as súas salas e dependencias, co seu mobiliario orixinal e coas coleccións artísticas que a familia foi atesourando ao longo dos séculos, o que constitúe un testemuño privilexiado do modo de vida da nobreza na Galicia da Idade Moderna e Contemporánea.

Os elementos decorativos concéntranse nas fachadas e a organización interna do edificio diferencia claramente un baixo de servizo que alberga as dependencias necesarias en toda facenda agropecuaria (cocheiras, adegas, cortes, tullas, vivenda dos criados e caseiros...) e un primeiro andar reservado a residencia dos donos do pazo.

O pazo conta con 17 dependencias que se poden visitar: cuartos, comedores e salóns, que na súa maioría, ademais do mobiliario, acollen un bo número de obras artísticas como pinturas, debuxos, gravados, esculturas e artes suntuarias de moi variada cronoloxía e procedencia. Moi interesantes son tamén un mapa de Galicia, elaborado por Domingo Fontán no século XIX, e un plano-informe do ano 1757, feito polo escultor Agustín Baamonde, cun debuxo da praza do Campo Castelo da cidade Lugo.

A visita ao Pazo de Tor non só permite coñecer de primeira man unha das máis importantes mostras da arquitectura dos pazos galegos, ademais de coñecer integramente as salas e dependencias do mesmo, co seu mobiliario orixinal e coas coleccións artísticas que a familia foi atesourando ao longo dos séculos.

Un testemuño privilexiado do modo de vida da nobreza na Galicia da Idade Moderna. Unha visita que ademais, coa axuda desta guía visual, lle pode resultar, ademais de instrutiva, inescudible.



# Museo Pazo de Tor

El Pazo de Tor está situado al sur de la provincia de Lugo, en el Valle de Lemos y en la parroquia de San Xoán de Tor, ayuntamiento de Monforte, en una elevación que le sirve de mirador sobre la extensa llanura que le rodea. Los orígenes del pazo están ligados al linaje de los Garza desde el siglo XIV, la posesión se mantuvo en manos de los descendientes directos hasta la última propietaria, doña María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga, quien hizo donación de la propiedad a la Diputación Provincial de Lugo en 1998. Esta institución acometió una serie de obras de acondicionamiento y mejora del edificio, respetando escrupulosamente su estructura y distribución, para a continuación adaptarlo como museo y abrirlo a los visitantes el 13 de julio de 2006.

El edificio actual fue construido en el último tercio del siglo XVIII aunque conserva algún vestigio anterior y otras reformas posteriores como consecuencia de un incendio causado por las tropas napoleónicas. Es encuadrable dentro del estilo barroco, de larga persistencia en Galicia, pero ya matizado por cierta estética neoclásica que se percibe en la sobriedad, en la simetría y en el empleo de los órdenes clásicos.


Además del interés de su aspecto arquitectónico, la visita al pazo permite ver íntegramente todas sus salas y dependencias, con su mobiliario original y con las colecciones artísticas que la familia fue atesorando a lo largo de los siglos, lo que constituye un testimonio privilegiado del modo de vida de la nobleza en la Galicia de la Edad Moderna y Contemporánea.

Los elementos decorativos se concentran en las fachadas y la organización interna del edificio diferencia claramente un bajo de servicio que alberga las dependencias necesarias en toda hacienda agropecuaria (cocheras, bodegas, cuadras, arcas, vivienda de los criados y caseros...) y una primera planta reservada

como residencia de los dueños del pazo. El pazo cuenta con 17 dependencias que se pueden visitar: habitaciones, comedores y salones, que en su mayoría, además del mobiliario, acogen un buen número de obras artísticas como pinturas, dibujos, grabados, esculturas y artes suntuarias de muy variada cronología y origen. Muy interesantes son también un mapa de Galicia, elaborado por Domingo Fontán en el siglo XIX, y un plano-informe del año 1757, hecho por el escultor Agustín Baamonde, con un dibujo de la plaza del Campo Castelo de la ciudad Lugo.


La visita al Pazo de Tor no sólo permite conocer de primera mano una de las más importantes muestras de la arquitectura de los pazos gallegos, además de conocer íntegramente las salas y dependencias del mismo, con su mobiliario original y con las colecciones artísticas que la familia fue atesorando a lo largo de los siglos.

Un testimonio privilegiado, en definitiva, del modo de vida de la nobleza en la Galicia de la Edad Moderna. Una visita que, además, con la ayuda de esta guía visual le puede resultar, además de instructiva, inolvidable.






Primeira planta




Anexos




# Planos do Museo Pazo de Tor

*Planos del Museo Pazo de Tor*

## *Primera planta*




## *Anexos*





## Pazo de Tor

Este pazo, ligado á liñaxe dos Garza desde o s. XIV, aínda que conserva algún vestixio anterior, data fundamentalmente do último terzo do s. XVIII. A última propietaria, dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga (1910-1998), donouno á Deputación de Lugo en 1998. Inaugurouse como museo o 13 de xullo de 2006. Nas readaptadas construcións adxectivas sitúanse agora outros espazos expositivos, ademais da Aula de Didáctica e da Biblioteca, que conserva máis de 3000 volumes con obras que van desde o s. XVI ao XX.





# Pazo de Tor

*Pazo de Tor*



## *Pazo de Tor*


*Este pazo, ligado al linaje de los Garza desde el s. XIV, aunque conserva algún vestigio anterior, data fundamentalmente del último tercio del s. XVIII. La última propietaria, doña María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga (1910-1998), lo donó a la Diputación de Lugo en 1998. Se inauguró como museo el 13 de julio de 2006.*

*En las readaptadas construcciones adjetivas se sitúan ahora otros espacios expositivos, además del Aula de Didáctica y de la Biblioteca, que conserva más de 3000 volúmenes con obras que van desde el s. XVI al XX.*

## O Pazo

O edificio encádrase no estilo barroco pero xa matizado por certo neoclasicismo, visible na súa sobriedade, simetría e emprego das ordes clásicas. A visita permite ver integramente todas as salas e dependencias, co seu mobiliario orixinal e coas

coleccións artísticas que os distintos propietarios foron atesourando ao longo dos séculos. En definitiva, un testemuño privilexiado do modo da vida da nobreza galega da Idade Moderna e Contemporánea.



### Fachada principal

Destaca a súa simetría, rota só pola disposición do brasón. Franquean a porta principal, de arco de medio punto con doelas de perpiaño, dúas balconadas, apoiadas sobre canzorros e columnas, con varandas de ferro. No lado esquerdo sitúase un orixinal reloxo de sol. No brasón realzan as armas representativas das distintas liñaxes.



# El Pazo

*O Pazo*



## *El Pazo*

*El edificio se encuadra en el estilo barroco pero ya matizado por cierto neoclasicismo, visible en su sobriedad, simetría y empleo de los órdenes clásicos.*

*La visita permite ver íntegramente todas las salas y dependencias, con su mobiliario original y con las colecciones artísticas que los distintos propietarios fueron atesorando a lo largo de los siglos. En definitiva, un testimonio privilegiado del modo de vida de la nobleza gallega de la Edad Moderna y Contemporánea.*


## *Fachada principal*

*Destaca su simetría, rota sólo por la disposición del blasón. Flanquean la puerta principal, de arco de medio punto con dovelas de perpiaño, dos balconadas, apoyadas sobre modillones y columnas, con barandillas de hierro. En el lado izquierdo se sitúa un original reloj de sol. En el blasón realzan las armas representativas de los distintos linajes.*

## Patio interior

Despois de traspasar o portalón atopamos a oficina de recepción e un espazo cuberto onde se expoñen diversos obxectos (banco, arcas, un muíño para moer cacao manualmente e pedras de muíño hidráulico, rodas de carruaxe...). O patio é de planta rectangular, con artística fonte no centro e arcos de medio punto nos lados sur e norte. Para comezar a visita ao interior do pazo hai que subir pola escaleira de pedra (onde se expoñen 8 chocas) ata un gran corredor cuberto e

con artística balaustrada de granito. No angosto recibidor, sobre diversos mobles (paraagueiro, percheiro, colgadores...) vense sombreiros, fustas, paraugas, gorras, bastóns... que pertenceron aos últimos residentes no pazo. Nas paredes, decoradas con diversos gravados e pinturas, destacan dúas pequenas táboas pintadas ao óleo asinadas por C. Garabal (Cándido Garabal, 1858- ca. 1950)





# Patio interior

*Patio interior*



## *Patio interior*

*Después de traspasar el portalón encontramos la oficina de recepción y un espacio cubierto donde se exponen diversos objetos (banco, arcones, un molino para moler cacao manualmente y piedras de molino hidráulico, ruedas de carruaje...). El patio es de planta rectangular, con artística fuente en el centro y arcos de medio punto en los lados sur y norte.*

*Para comenzar la visita al interior del pazo hay que subir por la escalera de piedra (donde se exponen 8 cencerros) hasta un gran corredor cubierto y con artística balaustrada de granito.*

*En el angosto recibidor, sobre diversos muebles (paraguero, perchero, colgadores...) se ven sombreros, fustas, paraguas, gorras, bastones ... que pertenecieron a los últimos residentes en el pazo. En las paredes, decoradas con diversos grabados y pinturas, destacan dos pequeñas tablas pintadas al óleo firmadas por C. Gara-bal (Cándido Garabal, 1858-1950).*



## Sala 1. Sala de armas

Esta primeira gran dependencia do pazo recibe luz exterior por unha lanterna con vidreira. Na exposición predominan diferentes tipos de armas, dúas armaduras, bastóns e diverso mobiliario, así como almireces, candieiros e un reloxo de pé. Da pintura fixémonos nunha das copias (hai outra na Sala 17) dun exvoto ofrecido á Virxe por don Francisco José de Quiroga y Losada, logo de superar unha enfermidade “privado de el uso de los sentidos” e no retrato do cóengo Andrés Avelino, devanceiro da familia.

## Mobiliario

Destaca a mesa central, realizada en madeira de castiñeiro, un moble de uso dubidoso (por tradición oral asegúrase que se usaba para gardar as pezas de caza) decorado con figuras humanas desproporcionadas. Tamén é de sinalar unha orixinal liteira (s. XVIII) decorada con motivos florais e mitolóxicos.



## Colección de armas

Gran colección de armas brancas (espadas, sabres, machetes, coitelos, baionetas) e de fogo (escopetas e pistolas). Merecen especial mención dous cascos da Primeira Guerra Mundial, un bastón con estoque oculto e unha espingarda, curiosa arma semellante a unha escopeta de chispa e canón moi longo.

# Sala 1. Sala de armas

*Sala 1. Sala de armas*



## *Sala 1. Sala de armas*

*Esta primera gran dependencia del pazo recibe luz exterior por una linterna con vidriera. En la exposición predominan diferentes tipos de armas, dos armaduras, bastones y diverso mobiliario, así como almireces, candelabros y un reloj de pie.*

*De la pintura nos fijamos en una de las copias (hay otra en la Sala 17) de un exvoto ofrecido a la Virgen por don Francisco José de Quiroga y Losada, después de superar una enfermedad “privado de el uso de los sentidos” y en el retrato del canónigo Andrés Avelino, ancestro de la familia.*

### *Colección de armas*

*Gran colección de armas blancas (espadas, sables, machetes, cuchillos, bayonetas) y de fuego (escopetas y pistolas). Merecen especial mención dos cascos de la Primera Guerra Mundial, un bastón con estoque oculto y una espingarda, curiosa arma parecida a una escopeta de chispa y cañón muy largo.*

### *Mobiliario*


*Destaca la mesa central, realizada en madera de castaño, un mueble de uso dudoso (por tradición oral se asegura que se usaba para guardar las piezas de caza) decorado con figuras humanas desproporcionadas. También es de señalar una original litera (s. XVIII) decorada con motivos florales y mitológicos.*





## Sala 8 Cuarto de baño

Merece especial mención a bañeira de mármore dunha soa peza. Conta con lavabo e dous tocadores, nun dos cales se expoñen varias obxectos realizados coa prestixiosa cerámica francesa de Limoges, así como diferentes utensilios para o coidado do cabelo.



## Reloxo

Reloxo de parede inglés marca “William Creak London”. Este tipo de reloxos acciónanse mediante pesas colgantes; denomínanse “de lanterna” polo seu aspecto semellante a unha lanterna das que se usaban polos ss. XVI-XVII (cando se inventou este tipo de reloxos) e que ambos se penduraban da parede.

## Bargueño

Moble con gabetas e decorado na súa parte central cunha figura mitolóxica.



## Sala 3 Cuarto de invitados

Pequena habitación reservada para invitados e amoblada cunha cama, coa correspondente mesa de noite, lavabo e armario encastado coas portas decoradas con motivos heráldicos.

## Sala 2 Cuarto do bispo

Cuarto denominado así por ser o de aposento dalgún ou de varios dos bispos que houbo entre os devanceiros da familia. Acolle unha cama barroca, un palanganeiro e vitrinas con vestimenta litúrxica.



## Sala 2. Cuarto do bispo

*Sala 2. Cuarto del obispo*



## Sala 3. Cuarto de invitados

*Sala 3. Cuarto de invitados*



## Sala 8. Cuarto de baño

*Sala 8. Cuarto de baño*



## Sala 2. Cuarto del obispo

*Cuarto denominado así por ser el de aposento de alguno o de varios de los obispos que hubo entre los ancestros de la familia. Acoge una cama barroca, un palanganero y vitrinas con vestimenta litúrgica.*

### *Reloj*

*Reloj de pared inglés marca “William Creak London”. Este tipo de relojes se accionan mediante pesas colgantes; se denominan “de linterna” por su aspecto parecido a una linterna de las que se usaban en los ss. XVI-XVII (cuando se inventó este tipo de reloj) y que ambos se colgaban de la pared.*

### *Bargueño*

*Mueble con cajones y decorado en su parte central con una figura mitológica.*

## Sala 3. Cuarto de invitados

*Pequeña habitación reservada para invitados y amueblada con una cama, con la correspondiente mesa de noche, lavabo y armario encastrado con las puertas decoradas con motivos heráldicos.*


## Sala 8. Cuarto de baño

*Merece especial mención la bañera de mármol de una sola pieza. Cuenta con lavabo y dos tocadores, en uno de los cuales se exponen varios objetos realizados con la prestigiosa cerámica francesa de Limoges, así como diferentes utensilios para el cuidado del cabello. Desde esta sala se puede acceder a un pequeño cuarto con un inodoro compartido con la habitación contigua.*

## Sala 4. Salón Norte

Dependencia principal situada ao norte do edificio. Conta cunha boa colección de mobiliario (cadeiras de brazos, sofás...), e unha mesa central presidida por un xarrón de cerámica pintado a man por Daniel Zuloaga (1852-1921). En dúas

vitrinas expóñense, entre outros obxectos, unha ampla e variada colección de faldriqueiras, moedas, broches, pendentes, relicarios e fermosos abanos de marfil e carei.



### Pintura

Entre a ampla representación pictórica, ademais dunha copia de Brueguell, predominan os retratos familiares, entre eles o da última propietaria do pazo, M.ª Paz Taboada, franqueado polos dos seus pais e bisavós. Tamén merecen mención os retratos de J. Francisco Losada

Quiroga (1703-1779), bispo de Mondoñedo, o de Agustín Lorenzo Varela de Temes e o do seu irmán José María Varela de Temes, e outros asinados por Dionisio Fierros, José M.ª Garabal, Enrique Navarro, José Salgado ou Román Navarro.



## Sala 4. Salón Norte

*Sala 4. Salón Norte*



### *Sala 4. Salón Norte*

*Dependencia principal situada al norte del edificio. Cuenta con una buena colección de mobiliario (sillas de brazos, sofás...), y una mesa central presidida por un jarrón de cerámica pintado a mano por Daniel Zuloaga (1852-1921). En dos vitrinas se exponen, entre otros objetos, una amplia y variada colección de bolsas, monedas, broches, pendientes, relicarios y hermosos abanicos de marfil y carey.*

#### *Pintura*

*Entre la amplia representación pictórica, además de una copia de Brueguell, predominan los retratos familiares, entre ellos el de la última propietaria del pazo, M<sup>a</sup> Paz Taboada, flanqueado por los de sus padres y bisabuelos.*

*También merecen mención los retratos de J. Francisco Losada Quiroga (1703-1779), obispo de Mondoñedo, el de Agustín Lorenzo Varela de Temes y el de su hermano, José María Varela de Temes, y otros firmados por Dionisio Fierros, Garabal, Enrique Navarro, José Salgado o Román Navarro.*






## Sala 7. Despacho

Do seu mobiliario destaca un bargueño, un escritorio e un armario encastado, no que se custodia unha vaixela de Sargadelos que pertenceu ao cóengo compostelán José María Varela de Temes. Chama especialmente a atención a súa importante biblioteca con libros dos ss. XVI e XVII; pinturas como a “Virxe co neno” (s. XVI) e o busto en mármore de M.<sup>a</sup> Paz Taboada realizado polo escultor chantadino E. Rodríguez Osorio (1920-1995). Sobre a mesa dous candeeiros e salvadeiras, dúas de cerámica de Talavera.



## Sala 6. Capela

Con dous niveis; o superior reservado aos propietarios do pazo e o inferior ao persoal de servizo. O retablo coméntase na seguinte lámina.



## Sala 5. Cuarto de invitados

Tamén coñecido como cuarto do poeta do Courel Uxío Novoneyra (1930-1999) por ser este o seu aloxamento habitual cando visitaba o pazo. Unha cama de tipo góndola preside esta dependencia na que tamén destaca un lavabo policromado tipo inglés, un tocador, un armario e un curioso debuxo en acordeón que segundo de que lado se observe amosa o Sagrado Corazón ou a Virxe Dolorosa.

## Sala 5. Cuarto de invitados

*Sala 5. Cuarto de invitados*



## Sala 6. Capela

*Sala 6. Capilla*



## Sala 7. Despacho

*Sala 7. Despacho*



## *Sala 5. Cuarto de invitados*

*También conocido como cuarto del poeta del Courel Uxío Novoneyra (1930-1999) por ser este su alojamiento habitual cuando visitaba el pazo. Una cama de tipo góndola preside esta dependencia en la que también destaca un lavabo policromado tipo inglés, un tocador, un armario y un curioso dibujo en acordeón que según por que lado se observe muestra el Sagrado Corazón o la Virgen Dolorosa.*

## *Sala 6. Capilla*

*Con dos niveles: el superior reservado a los propietarios del pazo y el inferior al personal de servicio. El retablo se comenta en la siguiente lámina.*

## *Sala 7. Despacho*

*De su mobiliario destaca un bargueño, un escritorio y un armario encastrado, en el que se custodia una vajilla de Sargadelos que perteneció al canónigo compostelano José María Varela de Temes. Llama especialmente la atención su importante biblioteca con libros de los ss. XVI y XVII; pinturas como la “Virgen con el niño” (s. XVI) y el busto en mármol de M.<sup>ª</sup> Paz Taboada realizado por el escultor chantadino E. Rodríguez Osorio (1920-1995). Sobre la mesa dos candelabros y salvaderas, dos de ellas de cerámica de Talavera.*



## Sala 6. Retablo

Segundo unha inscrición que se conserva no propio retablo a policromía, ao igual que a pintura decorativa das paredes, foi realizada en 1909 polo notable pintor monfortino José Casanova Cortiñas (- 1910). No resto da estancia destaca unha imaxe de vestir que representa a Virxe do Carme e varios obxectos e folletos relacionados co culto.

Sobre o altar expóñense un cáliz coa inscrición “ES DEL SEÑOR DE TOR”, obra de Juan de Orea, principios do s. XVIII, e unha patena co lema “→S<sup>R</sup>A →D →T →O →R -D -L”.

San Francisco,  
de E. Rodríguez Osorio  
(1920-1995)

Santa Bárbara

San Xoán Bautista


Virxe  
Inmaculada

Cáliz e patena

San Nicolao  
de Bari

San Antón


San Isidro  
Labrador





## Sala 6. Retablo

*Sala 6. Retablo*



### *Sala 6. Retablo*

*Según una inscripción que se conserva en el propio retablo la policromía, al igual que la pintura decorativa de las paredes, fue realizada en 1909 por el notable pintor monfortino José Casanova Cortiñas (- 1910). En el resto de la estancia destaca una imagen de vestir que representa la Virgen del Carmen y varios objetos y folletos relacionados con el culto.*

*Sobre el altar se exponen un cáliz con la inscripción “ES DEL SEÑOR DE TOR”, obra de Juan de Orea, principios del s. XVIII, y una patena con el lema “→SªA →D →T →O →R -D -L”.*

## Sala 9. Salón de xogos

Así chamado por dispor dunha antiga mesa de billar francesa (finais do XIX-principios do XX), que ocupa a parte central do salón, e unha mesa de xadrez. Integran esta dependencia un armario de madeira maciza para gardar colchóns, un biombo decorado con pinturas ao óleo así como diváns, sofás, mesas e un escritorio.

Entre os obxectos decorativos merecen mención dous libros, un de visitas que reza na primeira páxina “Soy de la señora de Tor” e un exemplar da *Teología Moralis* (1718) de Claudio de la Croix.



### Pintura e escultura

Entre a pintura destaca unha representación de María Magdalena, outra da Virxe de Guadalupe e a reprodución dun debuxo asinado por Théophile Alexandre Steilen (1859-1923). Como mostra da imaxinería do barroco expónse unha talla da Virxe da O.



# Sala 9. Salón de xogos

*Sala 9. Salón de juegos*



## *Sala 9. Salón de juegos*

*Así llamado por disponer de una antigua mesa de billar francesa (finales del XIX-princip. XX), que ocupa la parte central del salón, y una mesa de ajedrez. Integran esta dependencia un armario de madera maciza para guardar colchones, un biombo decorado con pinturas al óleo así como divanes, sofás, mesas y un escritorio. Entre los objetos decorativos merecen mención dos libros, uno de visitas que reza en la primera página “Soy de la señora de Tor” y un ejemplar de la Teología Moralis (1718) de Claudio de la Croix.*


### *Pintura y escultura*

*Entre la pintura destaca una representación de María Magdalena, otra de la Virgen de Guadalupe y la reproducción de un dibujo firmado por Théophile Alexandre Steilen (1859-1923). Como muestra de la imaginería del barroco se expone una talla de la Virgen de la O.*



## Sala 11. Cuarto dos nenos

Nesta dependencia consérvase unha cama tipo góndola, realizada en caoba, así como un armario con xoguetes, algúns de folia de lata, e abanos. Tamén, ademais dun tocador, fotografías, debuxos, gravados, pintura diversa, un reloxo de parede e unha cadeira de nodriza.



Caridade Romana

## Sala 10 Cuarto da señora

Chamado así por ser o que ocupou a última propietaria do pazo, dona M.<sup>a</sup> Paz Taboada. Conta cun lavabo pintado a man así como cun tocador, un gran escritorio, unha vitrina con obxectos persoais de prata e unha cama con dosel.

### Pintura

Expóñense dúas obras atribuídas a Manuel Landeira Bolaño (1736-1790), artista que se dedicou a policromar pezas escultóricas e a pintar obras de temática relixiosa como esta "Anunciación" e o "Soño de San Xosé". Un pequeno cadro asinado por Agrasot (Joaquín Agrasot, Orihuela 1836- Valencia, 1919) amosa un cativo durmindo coa dedicatoria "A mi hijo Ricardo de 50 días".

### Caridade romana

Copia anónima dunha obra de Murillo que reproduce o mito grecorromano da piedade filial: na escena a filla dá de mamar ao pai preso e condenado a morrer de fame.



Sala 12  
Salón de Mediodía  
ou Salón de Baile

Sala 9  
Salón de xogos

Sala 1  
Sala de armas

Sala 3  
Cuarto de  
invitados

## Sala 10. Cuarto da señora

*Sala 10. Cuarto de la señora*



### *Sala 10. Cuarto de la señora*

*Llamado así por ser el que ocupó la última propietaria del pazo, doña M<sup>a</sup> Paz Taboada. Cuenta con un lavabo pintado a mano así como con un tocador, un gran escritorio, una vitrina con objetos personales de plata y una cama con dosel.*

#### *Pintura*

*Se exponen dos obras atribuidas a Manuel Landeira Bolaño (1736-1790), artista que se dedicó a policromar piezas escultóricas y a pintar obras de temática religiosa como esta “Anunciación” y el “Sueño de San José”. Un pequeño cuadro firmado por Agrasot (Joaquín Agrasot, Orihuela 1836- Valencia, 1919) muestra un niño durmiendo con la dedicatoria “A mi hijo Ricardo de 50 días”.*

#### *Caridad Romana*

*Copia anónima de una obra de Murillo que reproduce el mito grecorromano de la piedad filial: en la escena la hija da de mamar al padre preso y condenado a morir de hambre.*

### *Sala 11. Cuarto de los niños*

*En esta dependencia se conserva una cama tipo góndola, realizada en caoba, así como un armario con juguetes, algunos de hoja de lata, y abanicos. También, además de un tocador, fotografías, dibujos, grabados, pintura diversa, un reloj de pared y una silla de nodriza.*





## Sala 12. Salón do Mediodía ou Salón de Baile


Conta con cheminea e numeroso mobiliario. Tamén se amosan distintas pezas de cerámica de Talavera e de Macao, opalinas e un floreiro de dedos da primeira época de Sargadelos. Das paredes colgan tres espellos de gran tamaño así como pintura e un reloxo con inscricións na esfera “José Ramos” e “Santiago”.

Ambientan a sala catro manequíns vestidos con roupaxes de época.

Unha pianola de Pianos “Mundial” da Casa Viena de Oviedo, un piano-forte Clementi, Collard & Collard (s. XIX) e un claviórgano de Logman & Broderip (s. XVIII), os dous últimos de casas londinenses.

### Pintura

Entre as obras pictóricas destacan as sinaturas de Agrasot (1836-1919), Cándido Garabal (1858- ca. 1950), J. M. Marqués (1861-1938) e Thure Nicolaus Cederström (1843-1924).





# Sala 12. Salón do Mediodía

*Sala 12. Salón del Mediodía*



## *Sala 12. Salón del Mediodía*

*Salón del Mediodía o Salón de Baile. Cuenta con chimenea y numeroso mobiliario. También se muestran distintas piezas de cerámica de Talavera y de Macao, opalinas y un florero de dedos de la primera época de Sargadelos. De las paredes cuelgan tres espejos de gran tamaño así como pintura y un reloj con inscripciones en la esfera “José Ramos” y “Santiago”. Ambientan la sala cuatro maniqués vestidos con ropajes de época.*

### *Instrumentos musicales*

*Una pianola de Pianos “Mundial” de la Casa Viena de Oviedo, un piano-forte Clementi, Collard & Collard (s. XIX) y un claviór-gano de Logman & Broderip (s. XVIII), los dos últimos de casas londinenses.*

### *Pintura*

*Entre las obras pictóricas destacan las firmas de Agrasot (1836-1919), Cándido Garabal (1858- ca. 1950, J. M. Marqués (1861-1938) y Thure Nicolaus Cederström (1843-1924).*

### Sala 13. Dormitorio principal

Unha estrutura de madeira con tres arcadas neogóticas separa a zona de durmir da de estar. Na primeira chama a atención a cama, o berce, usado por varias xeracións da familia, e o inodoro do retrete. Na zona de estar merecen mención un

sofá confidente, un armario, un escritorio e varias fotografías de fotógrafos de renome como Ksado, de Compostela, Ernesto Schrek e Pacheco, ambos con estudio en Ourense.



#### Sofá confidente

Curioso modelo de sofá axeitado para compartir confidencias entre catro persoas.

#### Cama

Cama renacentista do s. XVI con dosel procedente de Nápoles. É de madeira de pau santo (a madeira sagrada do Amazonas) e está profusamente decorada con incrustacións, placas e calados de bronce.



# Sala 13. Dormitorio principal

*Sala 13. Dormitorio principal*



## *Sala 13. Dormitorio principal*

*Una estructura de madera con tres arcadas neogóticas separa la zona de dormir de la de estar. En la primera llama la atención la cama, la cuna, usado por varias generaciones de la familia, y el inodoro del retrete. En la zona de estar merecen mención un sofá confidente, un armario, un escritorio y varias fotografías de fotógrafos de renombre como Ksado, de Compostela, Ernesto Schrek y Pacheco, ambos con estudio en Ourense.*

### *Cama*

*Cama renacentista con dosel del s. XVI procedente de Nápoles. Hecha en madera de palo de santo y profusamente decorada con incrustaciones, placas y calados de bronce.*

### *Sofá confidente*

*Curioso modelo de sofá, ideado para compartir confidencias entre cuatro personas.*

## Sala 14. Sala de estar

Sala de estar empregada pola derradeira dona do pazo ata a súa morte en 1998. Destaca a cheminea de fundición e conserva o mobiliario da época: arca, escritorio, mesa e cadeiras. As paredes están decoradas con mostras de cerámica como os dous candieiros procedentes de Talavera, unha pipa mexicana de gran tamaño, pinturas e gravados, con predominio dos retratos de personaxes ilustres como Carlos III de Borbón, Le Comte Bertrand, ou de figuras do carlismo como Gerardo Martínez de Velasco, Juan Castells e Rafael Tristany, entre outros.






## Sala 14. Sala de estar

*Sala 13. Sala de estar*



### *Sala 14. Sala de estar*

*Sala de estar usada por la última dueña del pazo hasta su muerte en 1998. Destaca la chimenea de fundición y conserva el mobiliario de la época: arcón, escritorio, mesa y sillas. Las paredes están decoradas con muestras de cerámica como los dos candelabros procedentes de Talavera, una pipa mexicana de gran tamaño, pinturas y grabados, con predominio de los retratos de personajes ilustres como Carlos III de Borbón, Lee Comte Bertrand, o de figuras del carlismo como Gerardo Martínez de Velasco, Juan Castells y Rafael Tristany, entre otros.*



### Sala 15. Corredor

Andadeiro espazoso que comunica varias dependencias do pazo. Nel amósanse tres bargueños, unha arca datada en 1759, un pequeno retablo coa imaxe de S. Antón, unha vitrina con chaves de varios tipos, algúns gravados, varios trofeos de caza (cornamentas de cérvidos) e dúas imaxes, unha de S. Xosé e outra da Virxe. Chamamos a atención sobre un curioso corno coa inscrición «Biba mi dueño. Francisco Bernal».

### Sala 16. Cuarto do mapa de Fontán

Ademais de diverso mobiliario, esta dependencia acolle un mapa de Galicia de Domingo Fontán (1788-1866), un dos escasos exemplares que se conservan do prestixioso xeógrafo pontevedrés, e un plano-informe atopado no arquivo do pazo de Tor cun debuxo da praza do Campo Castelo de Lugo, datado o 22 de xuño de 1757 e elaborado polo escultor Agustín Baamonde.





## Sala 15. Corredor

*Sala 15. Corredor*



### *Sala 15. Corredor*

*Corredor espacioso que comunica varias dependencias del pazo. En él se muestran tres bargueños, un arcón datado en 1759, un pequeño retablo con la imagen de S. Antón, una vitrina con llaves de varios tipos, algunos grabados, varios trofeos de caza (cornamentas de cérvidos) y dos imágenes, una de S. José y otra de la Virgen. Llamamos la atención sobre un curioso cuerno con la inscripción "Biba mi dueño. Francisco Bernal".*

## Sala 16. Cuarto do mapa de Fontán

*Sala 16. Cuarto del mapa de Fontán*



### *Sala 16. Cuarto del mapa de Fontán*

*Además de diverso mobiliario, esta dependencia acoge un mapa de Galicia de Domingo Fontán (1788-1866), uno de los escasos ejemplares que se conservan de este prestigioso geógrafo pontevedrés, y un plano-informe encontrado en el archivo del Pazo de Tor con un dibujo de la Plaza del Campo Castelo de Lugo, datado el 22 de junio de 1757 y elaborado por el escultor Agustín Baamonde.*


## Sala 17. Comedor

Esta dependencia, iluminada por unha lámpada de cristal, acolle diverso mobiliario (mesas, arca, sofá, cadeiras, aparador...), fotografías, varias pinturas, un tapiz con escena de caza, así como cerámica de distinta procedencia. Expóñense tamén armas

brancas e de fogo de principios do s. XIX. Nun dos esquinais hai unha cheminea de recente construción adornada con diversos utensilios de bronce e cobre.

Reloxo «Alfredo Delege» decorado na esfera cunha escena relixiosa

Retrato do cardeal Miguel Payá y Rico (1811-1891), pintado en 1877 por José M.<sup>a</sup> Garabal Louzao (1835-1907), ano no que este artista foi nomeado polo rei Alfonso XII pintor e decorador da Real Casa «Pintor de la R<sup>l</sup>. C.»



### Vaixela de Sargadelos

Sobre a mesa e no aparador pode verse unha vaixela fabricada en Sargadelos no s. XIX, personalizada coas iniciais J. M. V que se corresponden co céengo compostelán José María Varela de Temes.

Copia (hai outra na Sala 1) dun exvoto ofrecido á Virxe por don Francisco José de Quiroga y Losada



# Sala 17. Comedor

*Sala 17. Comedor*



## *Sala 17. Comedor*

*Esta dependencia, iluminada por una lámpara de cristal, acoge diverso mobiliario (mesas, arcón, sofá, sillas, aparador...) y fotografías. Varias pinturas, un tapiz con escena de caza, así como cerámica de distinto origen. Se exponen también armas blancas y de fuego de principios del s. XIX. En una de las esquinas hay una chimenea de reciente construcción adornada con diversos utensilios de bronce y cobre.*

## *Vajilla de Sargadelos*

*Sobre la mesa y en el aparador puede verse una vajilla fabricada en Sargadelos en el s. XIX, personalizada con las iniciales J. M. V que se corresponden con el canónigo compostelano José María Varela de Temes.*




## Sala 18. Galería

Remata a visita a esta parte do pazo nesta galería protexida cun balaustre de ferro forxado desde a que se pode contemplar unha espectacular panorámica e un orixinal labirinto.

## Labirinto

Construído no s. XVII. Composto por catro espirais enlazadas. No centro de cada unha hai un espazo cadrado cunha pía circular de granito de 1 metro de diámetro. Está realizado con chantos fincados no chan, conformando camiños duns 50 cm de ancho, oito deles con saída e outros tantos cegos.





# Sala 18. Galería

*Sala 18. Galería*



## *Sala 18. Galería*


*Remata la visita a esta parte del pazo en esta galería protegida con un balaustre de hierro forjado desde la que se puede contemplar una espectacular panorámica y un original laberinto.*

### *Laberinto*

*Construído en el s. XVII. Compuesto por cuatro espirales enlazadas. En el centro de cada una hay un espacio cuadrado con una pila circular de granito de 1 metro de diámetro. Está realizado con piedras hincadas en el suelo, conformando caminos de unos 50 cm de ancho, ocho de ellos con salida y otros tantos ciegos.*

## Corte dos cabalos

Nesta dependencia pódense ver catro magníficas carruaxes de tres diferentes tipos (Landaulet, Millord, Coupé), unha mostra de diferentes tipos de tiro, cadeiras e xamugas para montar dacabalo e unha vitrina con elementos de equitación e para a práctica da esgrima.





# Corte dos cabalos

*Caballerizas*



## *Caballerizas*

*En esta dependencia se pueden ver cuatro magníficos carruajes de tres diferentes tipos (Landaulet, Millord, Coupé), una muestra de diferentes tipos de tiro, sillas y jamugas para montar a caballo y una vitrina con elementos de equitación y para la práctica de la esgrima.*

## Sala de torneos

Mostra de cadeiras de posible uso en torneos.



## Sala de gornicións

Chámase gornicións ao conxunto de correas e outros elementos necesarios para cargar, montar ou apoñer unha cabalaría como os que se mostran nesta sala: coleróns, cinchas, bridas, frontaleiras, anteolleiras, orelleiras ou angarelas.

Ademais expóñense un par de arcas de viaxe e nunha vitrina, entre outros elementos, farois de coches de cabalos.





## Sala de torneos

*Sala de torneos*



## Sala de gornici3ns

*Sala de guarnicioner3a*



### *Sala de torneos*

*Muestra de sillas de posible uso en torneos.*

### *Sala de guarnicioner3a*

*Se llama guarnicioner3a al conjunto de correas y otros elementos necesarios para cargar, montar o aparejar una caballer3a como los que se muestran en esta sala: collerones, cinchas, bridas, frontaleras, anteojeeras, orejeeras o angarillas.*

*Adem3s se exponen un par de arcones de viaje y en una vitrina, entre otros elementos, faroles de coches de caballos.*

# Glosario

**Aparador.** Moble con caixóns empregado para gardar obxectos de uso cotiá.

**Arma branca.** Arma feita de ferro ou aceiro que fere coa punta ou o fío.

**Arma de fogo.** Arma que dispara un proxectil por medio da explosión da pólvora.

**Balaustrada.** Serie de pequenas columnas que forman unha varanda.

**Barroco.** Estilo artístico desenvolto durante os séculos XVII e primeira metade do XVIII.

**Brasón.** Escudo de armas.

**Canzorro.** Peza que serve de soporte dalgún elemento arquitectónico voado coma, por exemplo, unha solaina ou un beiril, e que pode estar decorada.

**Choca.** *Chocallo, zinzarra.* Instrumento de metal semellante a unha campáña que se pendura ao pescozo das reses de gando e que levan tamén algunhas máscaras do Entroido.

**Doela.** Peza en forma de cuña que forma parte dun arco.

**Espadana.** Pareda elevada sobre a fachada que serve de campanario.

**Exvoto.** Calquera tipo de obxecto, xeralmente artístico, realizado como ofrenda a un ser sobrenatural, en cumprimento dunha promesa ou en agradecemento a un favor outorgado.

**Forxa.** Dependencia onde se traballaba o ferro, co fogón e o barquín onde se quentaban os metais para forxalos.

**Gabeta.** Caixón de escritorio.

**Liteira.** Antiga cadeira para o transporte dunha persoa.

**Neoclasicismo.** Estilo inspirado nas formas da arte clásica que se desenvolveu dende a segunda metade do século XVIII e comezos do XIX.

**Perpiaño.** Pedra de granito que vai dunha cara á outra dunha parede atravesándoa toda. Arco transversal que separa tramos da bóveda de canón dunha nave para aliviar o seu peso.

**Salvadeira.** Recipiente con buratos na parte superior a xeito de salgadoiro, no que se conservaba a area secante para espaxear sobre a tinta.

**Tocador.** Moble relacionado co tocado, é dicir, co arranxo da cabeza.

**Xamuga.** Cadeira de tesoiras que se colocaba sobre o aparello das cabalerías para que montaran comodamente as mulleres.



# Glosario

**Aparador.** Mueble con cajones empleado para guardar objetos de uso cotidiano.

**Arma blanca.** Arma hecha de hierro o acero que hiere con la punta o el filo.

**Arma de fuego.** Arma que dispara un proyectil por medio de la explosión de la pólvora.

**Balaustrada.** Serie de pequeñas columnas que forman una barandilla.

**Barroco.** Estilo artístico desarrollado durante los siglos XVII y primera mitad del XVIII.

**Blasón.** Escudo de armas.

**Cencerro.** Instrumento de metal parecido a una campanilla que se cuelga al cuello de las reses de ganado y que usan también algunas máscaras del Carnaval.

**Dovela.** Pieza en forma de cuña que forma parte de un arco.

**Espadaña.** Pared elevada sobre la fachada que sirve de campanario.

**Exvoto.** Cualquier tipo de objeto, generalmente artístico, realizado como ofrenda a un ser sobrenatural, en cumplimiento de una promesa o en agradecimiento a un favor otorgado.

**Fragua.** Dependencia donde se trabajaba el hierro, con el fogón y el barquín donde se calentaban los metales para forjarlos.

**Gaveta.** Cajón de escritorio.

**Jamuga.** Silla de tijera que se colocaba sobre el aparejo de las caballerías para que montaran cómodamente las mujeres.

**Litera.** Antigua silla para el transporte de una persona.

**Modillón.** Pieza que sirve de soporte de algún elemento arquitectónico volado como, por ejemplo, una solana o un voladizo, y que puede estar decorada.

**Neoclasicismo.** Estilo inspirado en las formas de arte clásica que se desarrolló desde la segunda mitad del siglo XVIII y principios del XIX.

**Perpiaño.** Piedra de granito que va de una cara a otra de una pared atravesándola toda. Arco transversal que separa tramos de bóveda de cañón de una nave para aliviar su peso.

**Salvadera.** Recipiente con agujeros en la parte superior a modo de salero, en que se conservaba la arena secante para espolvorear sobre la tinta.

**Tocador.** Mueble relacionado con el tocado, es decir, con el arreglo de la cabeza.







DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

PAZO DE TOR